

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE MARZO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns ramais de conexión do enlace da autovía AG-64, no contorno do p.q. 36+730, coas estradas DP-7001, DP-7003 e o polígono industrial dos Airíos, a prol da Deputación da Coruña.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o impulso, difusión e mellora da transparencia na Administración local de Galicia, por importe de trinta mil euros (30.000 €).

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto do decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se dispón a remisión ao Parlamento de Galicia da memoria 2017 de control das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra de anteproxecto de ampliación da EDAR de Rianxo. Rianxo (A Coruña), coa clave OH.315.1106, por un importe de licitación de sete millóns cincocentos seis mil trescentos corenta e dous euros con sesenta e nove céntimos (7.506.342,69 €) e un valor estimado de seis millóns douscentos tres mil cincocentos oitenta e nove euros (6.203.589 €), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación das obras de construción dun edificio de 40 vivendas de promoción pública, garaxes, rochos e locais comerciais na parcela Z-11, sector 10. Parque Ofimático (A Coruña), por un importe de licitación de cinco millóns catrocentos oitenta e sete mil novecentos trinta euros con cincuenta e oito céntimos (5.487.930,58 €, IVE incluído) e un valor estimado de catro millóns novecentos oitenta e nove mil vinte e sete euros con oitenta céntimos (4.989.027,80 € IVE excluído).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de sete mil douscentos euros (7.200 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de douscentos setenta e nove mil douscentos catorce euros (279.214 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de trece mil setecentos euros (13.700 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de próteses totais de xeonllo con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de trinta e dous millóns setenta e seis mil euros (32.076.000 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre as actuacións de control tributario 2017, resultado do Plan especial de loita contra a fraude, e sobre o Plan de control tributario 2018.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Informe sobre o sometemento á consulta pública previa ao abeiro do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o inicio do procedemento de elaboración do Anteproxecto de lei de medidas en relación coa utilización dos recursos hídricos ante eventos de seca hidrolóxica e outras situacións excepcionais.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos obradoiros artesáns para incentivar a realización de acordos de formación de aprendices, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o plan especial da Consellería de Sanidade para a mellora da calidade das augas de consumo humano en Galicia.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DOS RAMAIS DO ENLACE DA AUTOVÍA FERROL-VILALBA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- *Os puntos obxecto deste traspaso son os ramais de enlace entre a AG-64 e as estradas provinciais Momán- As Pontes (DP-7001) e Medoñas-Ponte do Souto (DP-7003), no concello das Pontes de García Rodríguez*
- *A Deputación da Coruña está realizando obras de ampliación na primeira destas vías provinciais, que inclúen a mellora da intersección desta estrada co ramal da autovía, polo que o cambio de titularidade facilitará a súa xestión*
- *O enlace do p.q. 36+730 da AG-64 seguirá sendo de titularidade autonómica, incluíndo a rotonda superior e os catro ramais correspondentes coas entradas/saídas entre o tronco da autoestrada e a glorieta*
- *Coa transferencia, a Deputación será a responsable da conservación e o mantemento e poderá actuar sobre estas vías de acordo coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia dos ramais do enlace da autovía AG-64 a prol da Deputación Provincial da Coruña.

A Deputación da Coruña solicitou da Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio de titularidade dos ramais de enlace entre a AG-64 e as estradas provinciais Momán- As Pontes (DP-7001) e Medoñas- Ponte do Souto (DP-7003), no concello das Pontes de García Rodríguez. A citada Administración está realizando obras de ampliación na primeira vía, que inclúen a mellora da intersección desta estrada co ramal da autovía, polo que o cambio de titularidade facilitará a súa xestión.


A Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe favorable sobre o cambio de titularidade dos ramais que conectan as estradas provinciais coa parte sur da rotonda de enlace do p.q. 36+730 da autoestrada; a DP-7003 coa parte norte da rotonda do enlace do p.q. 36+730 da autoestrada; e o de aproximadamente 274 m de lonxitude que conecta a DP-7001 co norte da glorieta do enlace do p.q. 36+730 da AG-64.

O enlace do p.q. 36+730 da AG-64 seguirá sendo de titularidade autonómica, incluíndo a rotonda superior e os catro ramais do enlace correspondentes coas entradas/saídas entre o tronco da autoestrada e a glorieta.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Co cambio de titularidade, a Deputación da Coruña será a responsable da conservación e o mantemento e poderá actuar sobre as vías que se transfiren de modo acorde coas

súas características, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.



## **A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FEGAMP E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA SEGUIR AVANZANDO A PROL DUNHA MAIOR TRANSPARENCIA NAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS**

- ***O obxectivo principal é ofrecer cada vez máis información aos cidadáns e seguir a construír unhas institucións máis eficientes, abertas e transparentes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Universidade de Vigo para o impulso, difusión e mellora da transparencia na Administración local galega, co fin de seguir avanzando para acadar unha maior transparencia nas Administracións locais galegas.

O convenio, que conta cun orzamento de 30.000 euros, recolle diversas actuacións a prol da transparencia nas administracións, co fin de ofrecer cada vez máis información aos cidadáns e seguir a construír unhas institucións máis eficientes, abertas e transparentes.

A Xunta dá continuación á colaboración iniciada no ano 2016 coa Universidade de Vigo e a Fegamp, coa execución de accións de difusión, presentación e coñecemento, e a proposta de medidas de retroalimentación do Portal de transparencia local de Galicia, ademais de propoñer ferramentas colaborativas e actualizacións das guías e materiais a disposición dos concellos, realizar o seguimento e avaliación da transparencia a nivel municipal mediante a elaboración dun informe anual sobre transparencia municipal en Galicia, e levar a cabo actividades de impulso, fomento e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia orientadas ao goberno aberto.

A Xunta ten, entre as súas finalidades, servir de apoio e axuda aos concellos galegos para acadar o grao de transparencia establecido pola actual normativa, xa que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, incluíu, dentro do seu ámbito de aplicación, os concellos, establecendo como piares fundamentais a transparencia da actividade pública e o dereito de acceso á información.

A Universidade de Vigo colabora cos concellos a través da posta en marcha de distintas actuacións destinadas a fomentar e a favorecer o grao de cumprimento das novas obrigas en materia de transparencia, especialmente naqueles concellos que carecen de medios suficientes para facer fronte a estes novos retos.

## A XUNTA GARANTIRÁ QUE OS NOVOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA SE CONSTRÚAN CO EQUIPAMENTO NECESARIO PARA O ACCESO Á INTERNET

- *O Goberno galego aprobou hoxe o envío ao Consello Consultivo do decreto que regulará esta medida*
- *Establece que os proxectos de obra de novas superficies empresariais, promovidas por administracións públicas, inclúan a instalación das canalizacións e a reserva de espazos para equipamentos de telecomunicacións*
- *Reducirá os custos e prazos que implican actuacións posteriores e facilitará un despregamento máis rápido, ordenado e eficiente destas infraestruturas nas superficies industriais*
- *Estes equipamentos deberán poñerse á disposición dos operadores interesados en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias*
- *Trátase do cuarto desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*

Facilitar un despregamento máis rápido, ordenado e eficiente das infraestruturas de telecomunicacións nas superficies empresariais é o obxectivo do decreto que o Consello da Xunta remitirá ao Consello Consultivo. Trátase do cuarto desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

A Amtega informou hoxe do decreto, que establece que os proxectos de obra de novas superficies empresariais, promovidas por administracións públicas, prevean a instalación das canalizacións e da reserva dos espazos necesarios para equipamentos de telecomunicacións e radiocomunicacións. Esta obriga esténdese tamén ás ampliacións de áreas industriais de titularidade pública. Prever e executar desde o inicio estas infraestruturas reduce os custos e o prazos temporais que implica acometer actuacións posteriores.

Estas infraestruturas forman parte do conxunto da obra de urbanización e integráranse no dominio público municipal. A súa titularidade será das administracións públicas responsables del, que serán as encargadas da súa xestión e de poñelas a disposición dos operadores interesados no seu uso, en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias.

O decreto fixa tamén os criterios de deseño e dimensionamento dos elementos principais das infraestruturas de soporte e establece as prescricións técnicas aplicables a materiais e elementos construtivos. Búscase dotar de homoxeneidade e seguridade as actuacións e os proxectos susceptibles de verse afectados.

Entre as disposicións adicionais, o decreto indica que, no caso de áreas empresariais promovidas por unha entidade de dereito privado dependente dunha Administración pública de Galicia, a Administración pública á que estea adscrita esta entidade ou que teña atribuída a súa tutela funcional poderá requirir que a obra se execute cumprindo coas previsións do presente decreto.

### **Plan de banda larga 2020 en polígonos**

A mellora da conectividade nas áreas empresariais foi a primeira medida do Plan de banda larga 2020. Ao remate deste ano 81, polígonos terán acceso a redes de ata 350 Mbps que, sumados aos que xa dispoñían de redes ultrarrápidas, suporán alcanzar máis do 93% da superficie empresarial ocupada.

Neste momento 51 polígonos e máis de 1.200 empresas das catro provincias xa teñen acceso a estes servizos. Esta liña de actuación comezou hai preto de dous anos. Coa aplicación do novo decreto estes despregamentos reducirían notablemente os prazos, ao simplificarse trámites administrativos e custos, evitando ter que realizar obras de novo en superficies xa rematadas.

### **Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia**

O decreto elevado hoxe ao Consello da Xunta é o cuarto desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

En concreto, desenvolve o disposto no artigo 10 da Lei 3/2013 para a inclusión das infraestruturas de soporte necesarias para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas nos proxectos de áreas empresariais promovidos polas administracións públicas de Galicia.

Ademais, como o decreto contribúe a ofrecer servizos de máis calidade nos polígonos empresariais, favorece a captación de novos investimentos industriais para Galicia. Este reto coincide co obxectivo principal da Lei de implantación empresarial, que establece unha serie de iniciativas para facilitar a simplificación administrativa – impulsando o procedemento único para reducir á metade o prazo de tramitación dos proxectos– e o acceso a solo industrial –autorizando a urbanización parcial de áreas empresariais e creando o censo de solo empresarial–.

A nova lei tamén ofrece máis incentivos fiscais tras impulsar o convenio asinado entre a Xunta e a Fegamp para crear a figura dos concellos emprendedores, que terán prioridade en ordes de axudas autonómicas vinculadas á fábrica intelixente, o emprego



de calidade e o emprendemento baseado na innovación e no talento, a cambio de conceder bonificacións no IBI, IAE e ICIO ou de outorgar licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñan de todos os informes.

## GALICIA SUPERA AS INDICACIÓNS FIXADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO USO DE ENERXÍAS RENOVABLES

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá do contido da cuarta memoria de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio na que se pon de manifesto unha maior eficiencia ambiental en materia de enerxías renovables*
- *Sinala tamén unha tendencia positiva de cara á redución de xeración de residuos urbanos, que diminuíu un 3,4% no período 2011-2016, e un 16% máis da poboación ten acceso ao un punto limpo*
- *Outro dos aspectos positivos é o afianzamento do protagonismo exterior de Galicia, que rexistra un incremento do número de peregrinos dun 9% entre xaneiro e setembro e dun 6% nos meses de verán, comparando cos datos de 2016*
- *Nesta última memoria tivéronse en conta un total de 54 indicadores, e destacan os indicadores de Variación do estado das masas de auga, Risco de asolagamento, Demandantes de vivenda protexida e de Dinámica urbanística, por integrarse por primeira vez*
- *As Directrices de Ordenación do Territorio constitúen o instrumento marco para a planificación territorial, no que se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio das distintas actividades e actuacións*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do contido da cuarta Memoria de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio, da que se extrae que Galicia acada cifras positivas de eficiencia ambiental en materia de enerxías renovables.

A memoria recolle unha análise sobre a liña de incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental, na que destaca o bo comportamento de Galicia en relación a diversas indicacións fixadas pola Unión Europea e de España en materia de enerxías renovables, xa que un 38,4% do consumo de enerxía foi obtida a partir de fontes renovables (superior ao 20% fixado para 2020); un 77,2% no consumo final bruto de electricidade renovable (maior que o 40% fixado para 2020); un 19% en consumo de enerxía primaria renovable (superior ao 12% fixado para 2020); e un 6,9% no consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte (cifra superior ao 4,1% obxectivo do PANER).

As Directrices de Ordenación do Territorio constitúen o instrumento marco para a planificación territorial, no que se establecen os criterios básicos para o asentamento no territorio das distintas actividades e actuacións. O Consello da Xunta aprobou en 2013 o decreto polo que se regula o Plan de seguimento das DOT, no que se establece que a Xunta deberá presentar con carácter anual ao Parlamento unha memoria balance das DOT. Esta memoria é elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) en

base ao informe de seguimento aprobado pola Comisión de seguimento das DOT, na que están implicados 17 departamentos da Xunta de Galicia.

O obxectivo do Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) é coñecer se se están realizando as actuacións establecidas nas Directrices, se estas están sendo eficaces cara a sustentabilidade territorial e como o percibe a cidadanía. Para coñecer ese grado establecéronse tres ferramentas: os Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI), os Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST) e a Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística (EPTU).

Así, os IST reflicten que dende a aprobación das DOT, a Comunidade galega experimentou unha mellora constante no indicador da calidade das augas de baño, ao incrementar nun 5% as augas de baño coa cualificación de excelente e diminuír na mesma porcentaxe as de cualificación insuficiente.

No que atinxe á xestión de residuos, no período 2011-16, reduciuse un 3,4% a xeración de residuos urbanos e incrementouse un 16% a poboación con acceso a puntos limpos. Por outra banda, as emisións de gases de efecto invernadoiro en 2015 situáronse un 1% por debaixo dos niveis de emisións do ano 1990, sinalando un mellor comportamento do sector industrial e enerxético e peor no sector do transporte e da agricultura.

Outra das liñas estratéxicas que experimenta unha tendencia positiva é o afianzamento do protagonismo de Galicia no exterior, cun incremento no número de peregrinos con respecto a 2016 (incremento do 9% entre xaneiro e setembro e do 6% en verán), así como de turistas (aumento do 3,2%) ou turistas internacionais, cun incremento do 20% con respecto ao verán de 2016.

### **Dinámica urbanística**

Un dos novos indicadores que se analizaron na cuarta memoria das DOT foi, xunto cos indicadores de Variación do estado das masas de auga, Risco de asolagamento e Demandantes de vivenda protexida, o de Dinámica Urbanística.

Na liña de estudo *Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa* realízase unha análise das características do planeamento urbanístico, que na memoria actual se centra no grao de axuste entre as previsións do planeamento e a demanda real de solo. Co novo indicador introducido, pretendeuse avaliar a intensidade coa que se produce a transformación urbanística do solo, medindo a relación entre as previsións de novos desenvolvementos urbanísticos do planeamento e a execución real destes. Os resultados reflicten porcentaxes baixas de solo transformado, tanto se se trata de solo urbanizable de uso industrial como de uso residencial ou terciario. A porcentaxe de superficie transformada respecto da

prevista polo plan urbanístico é do 16% nas cidades (valor da mediana), do 5% no Sistema Urbano Intermedio (SUI), do 3% nos Nodos para o Equilibrio do Territorio (NET) e do 3,6% para o resto de concellos analizados. Só nas cidades a superficie de solo transformado non industrial é superior á industrial, é dicir, o solo industrial é o principal responsable da transformación de solo en Galicia fóra dos concellos das cidades.

Tamén por primeira vez se incorpora o indicador risco de asolagamento, que cuantifica quilómetros de masas de auga con este risco e a poboación afectada pola chaira de inundación asociada ás Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación fluviais e costeiras (ARPSI ). Este indicador traslada unha información básica para a ordenación do territorio, ao cuantificar os habitantes abarcados polas ARPSI, co fin de evitar riscos naturais, polo que a análise da súa evolución permitirá un seguimento da poboación afectada por este risco.

Ao igual que o indicador de demandantes de vivenda protexida, tamén unha ferramenta útil para dimensionar as necesidades de crecemento dun concello, que sinala que as áreas urbanas, as cabeceiras e as subcabeceiras do Sistema Urbana Intermedio son as que precisa dunha maior dotación de vivenda protexida. Tamén reflicten datos sobre a forma de adquisición da vivenda, das que se extrae que un 75,06% dos demandantes de vivenda de promoción pública (VPP) optan pola opción de alugueiro, un 17,22% por alugueiro con opción de compra e un 7,72% restante opta pola compra. Para os demandantes de vivenda de protección autonómica (VPA) as cifras son similares para compra e alugueiro (42,95% e 45,52%, respectivamente) mentres que un 11,53% optou polo alugueiro con opción de compra.

## **MEDIO AMBIENTE LICITARÁ NAS VINDEIRAS SEMANAS AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA EDAR DE RIANXO POR 7,5 MILLÓNS DE EUROS**

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o gasto desta nova actuación hidráulica, recollida no Plan de saneamento local do municipio coruñés*
- *O obxectivo é adecuar a capacidade da estación depuradora ás necesidades de tratamento actuais e mellorar a eficiencia desta infraestrutura*
- *Augas de Galicia asume o financiamento da obra que, xunto coa construción do colector e do tanque de tormentas autorizados polo Goberno galego a semana pasada, se traducirá nun investimento no concello de 14 millóns de euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o gasto que lle permite á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a licitación do anteproxecto para a execución das obras de ampliación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Rianxo. Nas vindeiras semanas Augas de Galicia licitará por un importe de 7.506.342,69 euros esta actuación, financiada nun 80% polo programa operativo europeo Feder.

O obxectivo das obras é adecuar a capacidade de tratamento da EDAR ás necesidades actuais e solucionar a problemática derivada tanto do excesivo volume de augas residuais xeradas na rede como da súa carga contaminante, provocada principalmente polas verteduras das industrias conserveiras. Unha vez que se acometan as obras e a ampliación estea en funcionamento, a planta depuradora dará servizo a 23.163 habitantes equivalentes.

Para conseguir esta dobre mellora, tanto da capacidade de tratamento como da eficiencia da depuradora, no proxecto prevese a execución dunha tubaxe de impulsión, a ampliación da propia Edar e, finalmente, conducións para o desaugamento. Concretamente, construíranse dúas liñas de tratamento das augas independentes e cada unha recibirá a metade do caudal que pode tratar a instalación e tamén contará cunha liña de pretratamento común para a totalidade do caudal. Así mesmo, a execución das obras da dúas liñas de tratamento farase en dúas fases distintas, o que permitirá que a EDAR actual funcione en todo momento.

Esta actuación pretende dar unha solución aos problemas que presenta na actualidade a instalación, debido ás infiltracións detectadas, aos fallos no funcionamento dos bombeos e ás verteduras industriais na rede e ao medio hídrico. E á insuficiencia detectada no colector e na actual Edar para tratar o caudal que reciben. Por esta razón, estableceuse a necesidade de ampliar a capacidade do sistema de depuración como unha das prioridades no concello de Rianxo.

A ampliación da depuradora completárase coa licitación do colector interceptor e do tanque de tormentas de Rianxo, obra cun custo de 6,5 millóns de euros que foi autorizado xa a semana pasada polo Consello da Xunta Xunta e cuxa licitación se publica hoxe no Diario Oficial de Galicia. O obxectivo común de ambas as actuacións é garantir un servizo adecuado e eficiente ao núcleo de Rianxo, recuperar zonas degradadas pola contaminación da costa e aumentar a competitividade económica e o fomento do turismo.

### **Plan de saneamento local da ría de Arousa**

Co fin de mellorar a calidade das augas da zona de Rianxo e da ría na cal se integra, Augas de Galicia redactou no seu día o Plan de saneamento da ría de Arousa.

Dentro da relación de actividades deste estudo levouse a cabo un intenso traballo para o coñecemento e diagnóstico da situación actual do sistema de saneamento e depuración do concello, no cal se definiron as actuacións prioritarias que había que acometer para solucionar as carencias do sistema de saneamento.

A raíz deste traballo, en setembro do ano 2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Arousa. No marco deste convenio executáranse as obras de ampliación da actual Edar, así como o colector interceptor e o tanque de tormentas cun orzamento global de algo máis de 14 millóns de euros.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE 40 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO PARQUE OFIMÁTICO DA CORUÑA**

- *O Goberno galego prevé licitar nas vindeiras semanas as obras, tras adaptar o proxecto aos requisitos municipais e presentar unha nova solicitude de licenza*
- *Construiranse nunha parcela de 1.280 metros cadrados e serán pisos de 2, 3 e 4 dormitorios con rocho e praza de garaxe*
- *Con esta iniciativa a Xunta quere contribuír a dar resposta ás necesidades de vivenda social que se rexistran na cidade da Coruña, así como avanzar no desenvolvemento do Parque Ofimático, do que é propietaria nun 50%*
- *Ademais da partida para o financiamento das novas vivendas, os orzamentos da Xunta de 2018 reservan 2,5 millóns de euros para aboar a parte correspondente das obras de urbanización que executa o Concello e que acumulan un importante atraso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de 5,5 millóns de euros para a construción de 40 vivendas de promoción pública no Parque Ofimático da Coruña. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará nas vindeiras semanas estas obras, unha vez adaptado o proxecto aos requirimentos municipais e presentada unha novamente a solicitude de licenza.

As vivendas construíranse nunha parcela de propiedade da Xunta no Parque Ofimático da Coruña, que dispón de 1.280 metros cadrados de superficie. Construíranse 40 vivendas de promoción pública de 2, 3 e 4 dormitorios, dotadas cun rocho e praza de garaxe. O edificio contará tamén con cinco locais comerciais no baixo andar. O prazo de execución será de 24 meses contados desde o inicio das obras.

A Xunta tiña previsto iniciar o pasado ano a construción destas 40 vivendas de promoción pública no Parque Ofimático, para o cal solicitou licenza municipal en decembro de 2016. Tras nove meses de espera, o Concello da Coruña denegou a licenza o pasado mes de setembro, sobre a base dunha interpretación lexislativa diferente á da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Nese contexto, foi necesario modificar o proxecto construtivo existente para trasladar os rochos desde o andar baixo ao soto e habilitar locais comerciais. Esta distribución fora inicialmente descartada porque non existe demanda acreditada dese tipo de instalacións na zona e porque a construción no baixo andar ofrece máis garantías para os rochos que o soto.

O proxecto incorporou as modificacións requiridas e foi presentado de novo para a concesión da licenza municipal o pasado 21 de febreiro.

Con esta iniciativa a Xunta quere contribuír a dar resposta ás necesidades de vivenda social que se rexistran na cidade da Coruña, así como avanzar no desenvolvemento do Parque Ofimático, un ámbito en que a Administración autonómica é propietaria do 50% do terreo.

O Concello da Coruña é responsable das obras de urbanización que se están a executar co obxectivo de facilitar a ocupación das vivendas xa rematadas e que están a rexistrar un importante atraso con respecto aos prazos comprometidos.

En 2018, ademais dos 700.000 euros reservados para o inicio da construción das 40 vivendas, os orzamentos da Xunta recollen unha partida de 2,5 millóns de euros destinados ao pagamento da parte correspondente ás obras de urbanización que executa o Concello.



## EDUCACIÓN DESTINA 300.000 € ÁS UNIVERSIDADES DO SUG PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN DO GALEGO NO RAMÓN PIÑEIRO

- *Os acordos teñen por obxectivo o fomento da investigación lingüística e literaria da lingua galega*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 300.000 euros ao impulso das actividades de investigación da historia da lingua e a literatura galega a través da actividade que realiza o Centro Ramón Piñeiro en colaboración coas tres universidades galegas.

Para tal fin, o Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos convenios plurianuais entre a Consellería e as Universidades da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo), para o período 2018/19. O obxectivo último desta cooperación é o de desenvolver proxectos de investigación que sexan estratéxicos para a garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida actual e de proxectos que sexan de investigación fundamental e substancial para outros investigadores.

Cómpre salientar que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é un organismo investigador de referencia en estudos de fundamentación e investigación filolóxicos, lingüísticos, literarios e antropolóxicos de Galicia.

Dentro desta colaboración, as tres universidades do SUG aportarán os soportes técnicos necesarios que permitan un intercambio de datos, co fin de contribuír a un mellor desenvolvemento das investigacións, en termos de alcance. Así mesmo, contribuirán á difusión e divulgación dos resultados das investigacións, co fin de canalizar e proxectar os estudos resultantes, con efectos sobre o conxunto da sociedade en xeral e dos profesionais especializados en particular, non só no ámbito autonómico, senón tamén no nacional e mesmo no internacional.

Os estudos que se levarán a cabo céntranse nas áreas de lingüística computacional (desenvolvemento de tecnoloxías da fala e aplicacións relacionadas coa etiquetaxe-lematización do galego actual para mellorar tratamentos complexos como pode ser o recoñecemento de voz ou o recoñecemento de unidades multipalabra); e en proxectos de terminoloxía científico-técnica (Termigal), base de datos do Atlas lingüístico románico (Alir), bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega), corpus de referencia do galego actual (Corga), *corpus documentale latinum gallaeciae* (Codolga).

Tamén se continuará traballando nos proxectos de dicionario galego-italiano / italiano-galego; de arquivo Galicia Medieval (Argamed), de lírica galego-portuguesa, de prosa literaria, de cantigas de Santa María, de bibliografía de referencia da literatura galega

medieval (Birmedi), de dicionarios de literatura, de bibliografía da literatura galega, de investigación en literatura infantil e xuvenil, de dimensións da identidade colectiva de Galicia, ademais, e realizarase un informe anual de literatura galega.

Coa renovación desta colaboración, a Consellería pon de manifesto o seu compromiso coa recuperación da lingua galega contribuíndo á súa difusión e ao proceso de normalización lingüística en aplicación do Plan xeral de normalización lingüística. Neste sentido, cómpre sinalar que a aplicación dos coñecementos produto dalgunhas destas investigacións proporcionan novas vías de solución para a mellora do uso dos sistemas informáticos na lingua propia de Galicia, unha estratexia fundamental para fomentar o emprego do galego nos nosos días.

## **O SERGAS INVESTIRÁ MÁIS DE 32 MILLÓNS DE EUROS NUN ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE PRÓTESES DE XEONLLOS DURANTE 4 ANOS**

- *Os prezos de licitación da contratación son de media un 14,6% menores que os actuais, o que supón un aforro estimado anual dun millón de euros*
- *É a primeira vez que estes produtos se adquiren por contratación centralizada, o que permite acadar un mellor prezo e realizar unha compra máis eficiente*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación dun acordo marco para a subministración sucesiva de próteses totais de xeonllo con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. Os obxectivos son adquirir implantes de alta calidade, racionalizar o material implantable, tendo en conta as cirurxías e os procesos habituais nas estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI), dispor de depósitos de material adecuados ás necesidades dos centros sanitarios e obter un importante aforro nas compras.

O valor estimado é de 32.076.000,00 € (IVE non incluído), tendo en conta que o acordo marco pode durar ata catro anos. Os prezos de licitación da contratación son de media un 14,6% menores que os prezos actuais do Sergas, o que supón un aforro estimado anual de 1.003.158 €. Non se incorporan os posibles aforros engadidos que se poden producir no proceso de licitación do acordo marco e dos contratos derivados.

É a primeira vez que este material implantable se adquire por contratación centralizada. A compra agregada destes produtos, empregados en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, permitirá conseguir unha maior eficiencia na compra (un único expediente de contratación para todo o Servizo Galego de Saúde), e un mellor prezo de compra (aproveitando as economías de escala na compra), o que contribúe á sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

### **Fases da tramitación do acordo marco**

O acordo marco supón a selección con varias empresas (tres como máximo en cada lote, dun total de catro lotes) que se realiza mediante procedemento aberto.

Na 1ª fase -de forma centralizada- valoráranse homoxeneamente, para todos os centros do Servizo Galego de Saúde, a calidade do implante, evidencia científica e o prezo e a loxística.

Na 2ª fase -que se realiza nas estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI)- invítanse as empresas seleccionadas a que presenten unha oferta específica, valorándose para a adxudicación dos contratos derivados o instrumental, motores cirúrxicos e consumibles asociados, servizos de valor engadido e o prezo ofertados.

Isto permite elixir a mellor opción de acordo coas necesidades, estruturas e recursos de cada centro sanitario, respectando os principios de concorrencia, publicidade e transparencia que deben rexer a contratación pública.

## A XUNTA LOGROU AFLORAR 144,2 MILLÓNS DE DÉBEDA NON DECLARADA EN 2017 TRAS REFORZAR AS ACTUACIÓNS CONTRA A FRAUDE FISCAL

- *A Axencia Tributaria de Galicia incrementou un 21% a revisión de autoliquidacións de impostos, ata superar as 325.000 comprobacións*
- *En 2017 a inmensa maioría dos galegos pagaron correctamente os seus impostos e non se detectou un incremento da fraude fiscal*
- *No eido da inspección, o ente tributario galego incrementou un 11,5% as actuacións*
- *O Plan especial de control desenvolvido o pasado ano cumpriu os seus obxectivos*
- *A concesión de aprazamentos e fraccionamentos segue baixando porque hai menos solicitudes, a causa da mellor situación económica dos contribuíntes*
- *En 2018, a Atriga fomentará o uso dos servizos por vía electrónica e as notificacións telemáticas, e facilitará o pagamento mediante cargo en conta*

A Xunta de Galicia logrou aflorar o pasado ano 144,2 millóns de euros de débeda non declarada tras reforzar as accións de loita contra a fraude fiscal, o que supón un incremento do 2,3% respecto a 2016, segundo consta nun informe abordado hoxe no Consello da Xunta sobre o balance das actuacións de control da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

No último exercicio a Atriga incrementou un 21% a revisión das autoliquidacións de impostos que presentan os cidadáns respecto a 2016. En concreto, o ente tributario galego comprobou máis de 325.000 autoliquidacións do imposto de transmisións patrimoniais (I TP) e do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), xa que ambos os tributos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta.

O informe indica que en 2017 o 91% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega eran correctas e non precisaron modificacións. Esta porcentaxe é practicamente igual á do ano anterior –o 92% de autoliquidacións correctas-, o que mostra que a inmensa maioría dos contribuíntes en Galicia pagan correctamente os seus impostos.

Unha vez revisadas as 325.000 autoliquidacións de impostos, no caso de detectar que non é correcta, a Atriga realiza unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións efectuadas a raíz dunha comprobación foi de 30.874 -20.194 no imposto de transmisións e 10.680 no de sucesións e doazóns-, o que supón un incremento do 24% respecto ao ano anterior. Froito do labor da área de xestión, a Axencia Tributaria de Galicia detectou 111 millóns de débeda non declarada.

### **Máis inspeccións e menos aprazamentos**

Na área de inspección, o organismo tributario da Xunta tamén incrementou un 11,5% as actuacións neste eido. Hai que ter en conta que estas actuacións teñen unha maior duración dada a súa dificultade, polo que os seus efectos recadatorios teñen efecto nos seguintes exercicios. En todo caso, os procedementos de inspección da Atriga fixeron aflorar en 2017 un total de 33,2 millóns de euros.

A suma dos 111 millóns de euros obtidos polas actuacións de xestión e dos 33,2 millóns dos labores de inspección conforman os 144,2 millóns de euros aflorados pola Axencia Tributaria de Galicia durante o pasado ano. En canto ás valoracións, o número de bens valorados pola Atriga en 2017 ascendeu a 602.257, o que supón un incremento do 15%.

Ademais, en 2017 a Atriga concedeu aprazamentos e fraccionamentos no pagamento de impostos por un importe de 14,5 millóns. Esta baixada –do 29% sobre o ano anterior– débese a que houbo menos solicitudes pola mellora da situación económica, que fai que os contribuíntes galegos teñan menos dificultades para afrontar as súas obrigas tributarias.

### **Obxectivos cumpridos do Plan especial**

En 2017, a Axencia Tributaria de Galicia activou un plan especial de control co obxectivo de recadar 20 millóns de euros. O informe presentado hoxe confirma que este obxectivo se cumpriu posto que a Atriga obtivo a través deste plan 32,2 millóns de euros (24,2 millóns en xestión e 8 millóns en inspección), de modo que a Administración acadou 76,8 euros por cada euro investido no plan.

### **Plan control tributario de 2018**

En canto ao plan de control tributario para 2018, no eido preventivo a Atriga fomentará o uso dos servizos que a Axencia ofrece por vía electrónica, incluída a presentación de autoliquidacións. Tamén potenciará a práctica das notificacións telemáticas, o que, ademais de supoñer un aforro de custo e tempo, redundará nunha redución do número de notificacións devoltas, e facilitarase o pagamento mediante cargo en conta e domiciliación bancaria co obxectivo de facilitar ao máximo o cumprimento das obrigas tributarias.

No eido de control posterior, a Atriga impulsará este ano a comprobación das reducións subxectivas no imposto sobre sucesións, a comprobación da orixe dos fondos utilizados nos pagamentos nas transaccións inmobiliarias ou a verificación de que as renuncias ás herdanzas se axustarán ao disposto no ordenamento xurídico, entre outras novidades.

## **A XUNTA TRABALLA EN DOUS INSTRUMENTOS NORMATIVOS QUE GARANTAN EN TODO MOMENTO O ABASTECIMENTO DE AUGA EN CANTIDADE E CALIDADE**

- *O primeiro obxectivo da nova lei será ordenar os recursos hídricos do xeito que máis conveña ao interese xeral, dándolle prioridade ao abastecemento de auga para o consumo humano*
- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá dos traballos e xestións que as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e de Sanidade están a levar a cabo para a tramitación deste texto legal*

**Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.-** A Xunta está a traballar na redacción dunha Lei de medidas ante eventos de seca ou outras situacións excepcionais que garanta en todo momento o abastecemento de auga en cantidade e calidade, así como un Plan especial para a mellora da vixilancia da calidade da auga de consumo humano.

En concreto, o Consello da Xunta foi informado esta mañá dos traballos e xestións que as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e de Sanidade están a levar a cabo para a tramitación deste texto legal.

O primeiro obxectivo da lei –que o Goberno galego buscará tramitar de forma conxunta cos municipios galegos– será ordenar os recursos hídricos do xeito que máis conveña ao interese xeral, dándolle prioridade ao abastecemento de auga para o consumo humano. Ademais de preservar as garantías sanitarias da auga en todo momento –especialmente ante a eventualidade de que unha situación de seca poida alterar diferentes valores con repercusións na saúde pública-; e garantir a unidade de criterio e de acción en todo o territorio.

Para que estes tres obxectivos se cumpran, a nova norma establecerá as medidas excepcionais a tomar nos períodos nos que se declare a seca; e clarificará as competencias de cada administración, de xeito que a Xunta poida cumprir coas súas competencias de saúde pública e de protección e ordenación dos recursos hídricos, e os concellos coa responsabilidade de prestar abastecemento e saneamento aos veciños.

Esta norma será aplicable en toda Galicia, con independencia de que a seca se produza na Demarcación Galicia–Costa ou no ámbito doutro organismo de conca. En concreto, estas medidas agruparanse en tres ámbitos: potenciar máis intensamente o consumo racional, non só por parte das administracións senón tamén primando sempre aos

cidadáns que menos auga consuman; garantir a máxima fluidez de información entre as distintas administracións, especialmente nas situacións excepcionais; e protocolizar as medidas de aforro cando hai maior escaseza de auga, co fin de dar unha resposta máis rápida entre todos.

### **Plan especial para a mellora da calidade da auga de consumo humano**

Así mesmo, autorízase o inicio da tramitación dun Plan especial para a mellora da calidade da auga de consumo humano co obxectivo de implementar as medidas máis efectivas para velar pola calidade da auga e corrixir deficiencias cando se atopen. Trátase dunha iniciativa que permitirá ampliar o ámbito de actuación dos programas de inspección da Xunta, para incluír tamén nel as traídas de veciñanza ou as traídas non conectadas a redes municipais.

Esta medida permitirá un mellor control da auga coa inclusión de criterios máis homoxéneos para as administracións local e autonómica; un maior control da auga, especialmente en situacións de risco como as que xeran momentos de seca; e, finalmente, máis capacidade de acción ante posibles incumprimentos.

A partir de agora ábrese un período de estudo coa Fegamp e con todos os axentes que poidan enriquecer o texto para alcanzar un consenso no menor tempo que sexa posible.



## A XUNTA IMPULSA A REMUDA XERACIONAL NA ARTESANÍA CUN NOVO PROXECTO PARA FORMAR 80 APRENDICES NAS EMPRESAS DO SECTOR

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria inviste nesta iniciativa un millón de euros para dar continuidade ás actividades artesanás*
- *As firmas e os aprendices subscribirán acordos de colaboración para levar a cabo unha formación dual, tanto teórica como práctica, por un período máximo dun ano e para a cal os artesanás poderán recibir unha axuda máxima de 12.000 euros*
- *Se a empresa conta con 6 ou máis traballadores, pode solicitar ata 2 aprendices e, polo tanto, duplicar o importe do apoio*
- *Os alumnos contarán, ao remate da iniciativa, cun certificado acreditativo das horas, período e contidos da formación*
- *A artesanía é un sector en auxe con preto de 3000 artesanás rexistrados e cun gran potencial para xerar autoemprego, e é un dos mellores viveiros empresariais de novos creadores*
- *Este ámbito estase a consolidar como unha vía de dinamización económica e turística, especialmente no rural, e por iso o Goberno galego está a potenciar a súa comercialización e promoción a través da marca Artesanía de Galicia*

A Xunta ten previsto publicar nas próximas semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) un novo proxecto para impulsar a remuda xeracional no sector da artesanía galega a través da formación de 80 aprendices nas propias empresas deste ámbito. Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá un millón de euros co obxectivo principal de orixinar procesos de transmisión das técnicas artesanais.

A cualificación enmárcanse no obxectivo fixado pola Administración autonómica de ofrecer unha formación dual, é dicir, tanto teórica como práctica. A dita cualificación, que será por un período mínimo de seis meses e máximo dun ano, impartirase nos propios obradoiros artesanais baixo a supervisión dun titor que deberá ter a formación e experiencia necesarias. Ao remate do período formativo, a empresa terá que expedir ao bolseiro un certificado acreditativo das horas, período e contidos da dita formación.

Serán os artesanás e aprendices os que subscriban o acordo de formación para levar a cabo as prácticas non laborais. A Xunta financiará o 100% do programa, sen ningún custe para os artesanás. A solicitude de axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria presentarase unha vez que o artesán e o bolseiro asinen o acordo para a cualificación, que poderá ser, como mínimo, de seis meses e dun máximo dun ano.

A Xunta, que inclúe esta iniciativa dentro do seu plan de impulso da Artesanía 2020, farase cargo do importe total da axuda de xeito anticipado. Cada artesán, que terá que estar inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, recibirá unha contía fixa de

200 euros ao mes para sufragar os gastos de Seguridade Social e de funxibles e materiais, ademais do importe que lle corresponderá ao alumno por participar na bolsa, que será de 800 euros ao mes no caso de que o proxecto teña unha duración dun ano e sexa a xornada completa. Se a empresa conta con seis ou máis traballadores, poderá solicitar ata dous aprendices, polo que se duplicaría o importe da axuda.

A convocatoria para participar nesta iniciativa pioneira en Galicia publicárase no DOG o próximo 8 de marzo. O prazo de solicitude estará aberto ata o 30 de setembro, ou ben ata que se esgote o crédito, xa que será por concorrencia non competitiva.

O sector da artesanía en Galicia está en auge con preto de 3.000 artesáns rexistrados e máis de 60 tendas e 550 obradoiros, dando emprego a máis de 5.000 persoas. Este ámbito estase a consolidar como unha vía de dinamización económica e turística, especialmente no rural. Por iso, tendo en conta o potencial da artesanía para xerar autoemprego, a Xunta impulsa este programa para asegurar a remuda xeracional favorecendo así as vocacións e a divulgación das técnicas artesanais.

É preciso ter en conta, ademais, que este sector é un dos mellores viveiros empresariais de novos creadores, co cal se contribúe tamén a impulsar o talento en Galicia. Do que se trata, en definitiva, é de potenciar as actividades artesanais, asegurar a súa pervivencia e facilitar o acceso ao mundo laboral das persoas que teñan formación en actuacións relacionadas cos oficios artesanais.

A comercialización e a promoción do produto artesan galego a través da consolidación da marca Artesanía de Galicia nos diferentes mercados constitúe unha das liñas estratéxicas da Xunta neste eido. Enmárcase na folla de ruta, impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, para favorecer o crecemento da economía galega, incidindo na competitividade empresarial e a potenciación do talento galego.

Para este sector, a Xunta puxo en marcha este ano diferentes programas de axudas, que suman preto de 4,5 millóns de euros, entre os cales destacan apoios por máis de 3,1 millóns para dixitalización e modernización das empresas comerciais e artesanais; unha liña dedicada á expansión comercial e novas fórmulas de comercialización, cun orzamento dun millón de euros, da cal se poden beneficiar pemes e, no caso do desenvolvemento dun proxecto *pop up*, tamén comerciantes en liña e, como novidade, fabricantes; e unha iniciativa dotada con 255.000 euros para fomentar a comercialización da artesanía e o impulso da actividade do sector. Estes apoios están dirixidos principalmente á promoción a través da participación en feiras e certames e á organización de eventos feirais.

O pasado ano, as axudas para fomentar a comercialización e competitividade da artesanía chegaron a 35 obradoiros, 12 concellos e á Asociación Galega de Artesáns.